



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Baños de Molgas

Anuncio

Devolución de fianza definitiva á empresa Construcciones Aníbal Rey, SL, pola obra “Saneamento e abastecemento do Espiñal-Baños de Molgas, obra n.º 7/PB”, por importe de 1.694,76 €.

Unha vez rematado o prazo de garantía iníciase o expediente de devolución da fianza correspondente, o que se publica para os efectos de que calquera interesado poida presentar as alegacións que estime oportunas no prazo de 20 días.

Baños de Molgas, 4 de marzo de 2016. O alcalde.

Asdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

Anuncio

Devolución de fianza definitiva a la empresa Construcciones Aníbal Rey, SL, por la obra “Saneamiento y abastecimiento de O Espiñal-Baños de Molgas, obra n.º 7/PB”, por importe de 1.694,76 €.

Una vez finalizado el plazo de garantía, se inicia el expediente de devolución de la fianza correspondiente, lo que se publica a los efectos de que cualquier interesado pueda presentar las alegaciones que estime oportunas en el plazo de 20 días.

Baños de Molgas, 4 de marzo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

R. 663

Calvos de Randín

Anuncio de aprobación provisional

O Pleno do Concello de Calvos de Randín, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de febreiro de 2016, acordou a aprobación provisional da imposición da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por uso do velorio municipal.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o dito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Calvos de Randín, 1 de marzo de 2016. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

Anuncio de aprobación provisional

El Pleno del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en la sesión ordinaria celebrada el día 29 de febrero de 2016, acordó la aprobación provisional de la imposición y la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Uso del Velatorio Municipal.

En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 17.2 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se somete el expediente a información pública por el plazo de treinta días, contados desde el día siguiente de la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que los

interesados puedan examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado reclamaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.

Calvos de Randín, 1 de marzo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.

R. 661

Castrelo do Val

Edicto

O Pleno desta Corporación aprobou o expediente de modificación de créditos núm. 1 de 2016, dentro do vixente orzamento municipal, por un importe de cento cincuenta e seis mil cento sesenta e oito euros con sesenta céntimos (156.168,60 €). En cumprimento do disposto no artigo 158.2, en relación co 150.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste concello, a fin de que durante este prazo, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as cales deberán ser dirixidas ao alcalde deste concello.

Castrelo do Val, 14 de marzo de 2016. O alcalde.

Asdo.: Vicente Gómez García.

Edicto

El Pleno de esta Corporación ha aprobado el expediente de modificación de créditos n.º 1 de 2016, dentro del vigente presupuesto municipal por un importe de ciento cincuenta y seis mil ciento sesenta y ocho euros con sesenta céntimos (156.168,60 €). En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 158.2, en relación con el 150.1 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, se expone al público, por el plazo de quince días hábiles, en la Secretaría de este ayuntamiento, a fin de que durante este plazo, que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al alcalde de este ayuntamiento.

Castrelo do Val, 14 de marzo de 2016. El alcalde.

Fdo.: Vicente Gómez García.

R. 748

Celanova

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria realizada o día 9 de marzo de 2016, aprobouse a convocatoria do proceso selectivo e as bases xerais e específicas reguladoras para a selección e posterior contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo, co obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, polo sistema de concurso de valoración de méritos.

Achéganse as bases xerais e específicas reguladoras que rexe-rán a convocatoria:

Bases xerais e específicas para a selección e posterior contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período



de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, polo sistema de concurso de valoración de méritos.

A) Bases xerais

Primeira.- Obxecto da convocatoria

1. É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, no marco do “Acordo da Comisión Bilateral realizada o 27 de outubro de 2015 relativo á Área de Rehabilitación de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016”, subscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Celanova.

2.- A contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, e unha retribución de mil trescentos cincuenta catro euros con noventa céntimos de euro (1.354,90 €), incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais, suxeitaranse ao previsto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores e demais disposicións de aplicación.

3.- O artigo 20.2 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para ano 2016, establece que: “Dous. Durante o ano 2016 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.”

Xustifícase esta convocatoria, para os efectos previstos no precitado artigo 20.2 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para ano 2016, do xeito seguinte:

a) Carácter excepcional da contratación:

A contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, ten carácter excepcional porque esta se produce como consecuencia da sinatura do Acordo da Comisión Bilateral realizada o 27 de outubro de 2015, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense), subscrito entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Celanova, requirindo a contratación do persoal laboral temporal de referencia para o correcto funcionamento do servizo en orde ao asesoramento e tramitación das subvencións previstas para o ámbito da Área de Rexeneración e

Renovación Urbana do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

b) Necesidade urxente e inaprazable:

A contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo a cubrir e só acudindo á contratación laboral temporal pode a Administración solucionar a necesidade xurdida.

Así mesmo, a inminente convocatoria por parte do concello das subvencións previstas para o ámbito da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, fai necesaria e urxente a contratación do persoal laboral temporal de referencia para a tramitación dos expedientes dos administrados de actuacións de rehabilitación para as que se soliciten.

c) Sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais:

O Concello de Celanova, en virtude de acordo do Consello da Xunta de Galicia do 3 de febreiro de 2000, cuxa publicación se ordena por Resolución da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo do 7 de febreiro de 2000 (DOG n.º 40, con data 28 de febreiro de 2000), foi declarado municipio turístico galego de acordo co disposto no artigo 8 do Decreto 239/1998, do 30 de xullo, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego.

Ante a necesidade de recuperar-conservar o valor patrimonial dos edificios localizados no ámbito da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, a rehabilitación destes convértese nunha actuación prioritaria no marco do Real decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Segunda.- Condicións dos aspirantes

1.- Para seren admitidos ao concurso de valoración de méritos os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para o ingreso no posto convocado:

a) Ter nacionalidade española. Non obstante, teranse en conta os seguintes supostos:

1. A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.



2. A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta estea definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida. Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

2.- Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data da contratación.

Terceira.- Forma e prazo de presentación de instancias

1.- As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao alcalde do Concello de Celanova. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, axuntando unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade e, de ser o caso, da documentación acreditativa dos méritos alegados. Non obstante, no Rexistro Xeral do concello facilitaráselles aos interesados un modelo de solicitude.

2.- O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o último día fora sábado ou inhábil, pasará ao primeiro día hábil seguinte.

3.- A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Celanova ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

4.- As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.- Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben, os erros de feito que poidan

advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

Cuarta.- Admisión de aspirantes

1.- Unha vez finalizado o prazo dos dez días naturais fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución pola que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, de ser o caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do concello.

2.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder corrixir ou emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoas ou desestimándoas coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do concello.

3.- O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán de ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen o concurso de valoración de méritos.

Quinta.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: a técnico de administración xeral do Concello de Celanova ou suplente que a substitúa.

- Vogais: catro funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.

- Secretario: o da Corporación ou funcionario en quen delegue, con voz pero sen voto.

Seralles de aplicación aos tribunais o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

Sexta.- Características das probas

O procedemento de selección será o concurso de valoración de méritos e consistirá na comprobación e cualificación dos méritos dos/as aspirantes, achegados xunto coa solicitude de participación. Os méritos para ter en conta, de ser o caso, no concurso determinanse e describíense nas bases específicas. Non se terán en conta os méritos achegados con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Sétima.- Relación de aprobados

A Alcaldía determinará, mediante resolución, a data, hora e lugar no que deberá constituírse cada tribunal ao obxecto de valorar os méritos achegados polos/as aspirantes; a cal se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello.

Non se valorarán aqueles méritos ou circunstancias que non fosen acreditados documentalmente polos aspirantes conforme ás bases específicas.

A cualificación final será o resultado da puntuación total segundo os méritos a que se refiren as bases específicas.

Unha vez rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daquel/a que obtivera a máxima puntuación. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no mérito de servizos prestados. De persistir o empate, este resolverase tendo en conta o establecido nas bases específicas e, no seu defecto, resolverase mediante sorteo.

Os que dentro do prazo sinalado polo concello, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas



actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

En caso de que a persoa seleccionada non aceptase o posto de traballo, sen máis trámite será ofertada a quen lle siga en puntuación e, se tampouco aceptase, adoptárase o mesmo procedemento cos seguintes ata que o posto quede cuberto.

A proposta elevada polo tribunal cualificador terá tamén a consideración de bolsa de emprego para futuras contratacións cando as necesidades do servizo o requiran.

Oitava.- Incidencias

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso de valoración de méritos en todo o non previsto nas bases.

B) Bases específicas

Un/unha (1) traballador/a a tempo completo para a ocupación de auxiliar administrativo/a para a realización da obra/servizo “auxiliar administrativo para a oficina de rehabilitación PEPRIs”.

Primeira.- Número de traballadores para contratar, caracterización do contrato de traballo e cometidos.

1.- Número de traballadores/as para contratar: un/unha (1).

2.- Caracterización do contrato de traballo

Tipo de contrato; ocupación; retribucións salariais (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais); tipo de xornada; duración do contrato

Obra ou servizo (interese social); auxiliar administrativo; 1.354,90 €; xornada completa; dez (10) meses

3.- Cometidos: o cometido funcional consistirá na realización das tarefas propias da súa profesión, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do concello en calquera dos servizos deste.

En particular, deberá realizar a tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de subvención e prestar aos particulares, dentro da súa capacitación, o asesoramento debido sobre as actuacións de rehabilitación incluídas no ámbito da Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de San Salvador de Celanova e Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes no termo municipal de Celanova e tramitar as axudas á rehabilitación que se financian de acordo co establecido nos acordos das Comisións Bilaterais, ao abeiro da Ordenanza reguladora das actuacións na Área de Rehabilitación do Contorno do Mosteiro de San Salvador de Celanova e do Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes, e da convocatoria de axudas, dentro dos límites da normativa estatal e autonómica que regula as ditas axudas.

Segunda.- Requisitos específicos dos aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base segunda das bases xerais, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegárase no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Segunda.- Sistema de selección

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

Terceira.- Desenvolvemento do concurso de valoración de méritos

Méritos computables:

Os méritos para valorar polo tribunal serán os seguintes:

1.- Servizos prestados: ata 6,5 puntos.

Por servizos prestados en posto de auxiliar administrativo, en calidade de persoal funcionario ou persoal laboral, a tempo completo ou a tempo parcial, en oficinas de rehabilitación de corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que contén cunha área de rehabilitación integral (ARI) no seu ámbito municipal: 0,1 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 6,5 puntos, rexeitándose fraccións ou meses incompletos.

A acreditación destes servizos realizarase mediante certificación expedida polo órgano competente das entidades locais nas que foron prestados os servizos, con indicación expresa do período de tempo en que os aspirantes que participan no concurso de valoración de méritos prestaron servizos para esta no posto de auxiliar administrativo en oficinas de rehabilitación integral (ARI) no seu ámbito municipal.

2.- Cursos de formación e perfeccionamento: ata 1,5 puntos.

Valoraranse os cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, administracións públicas, escolas públicas oficiais de funcionarios/as, universidades e entidades que impartan actividades formativas con cargo a fondos de formación para o emprego nas administracións públicas.

Non se valorarán os diplomas relativos á realización de congresos, conferencias, seminarios, xornadas, simposios, encontros ou semellantes, nin aqueles cursos realizados con máis de 15 anos de antelación á data de publicación da convocatoria do concurso, a excepción dos cursos de Iniciación e Perfeccionamento do idioma galego aos que non se lles aplicará a presente limitación temporal pola súa equivalencia co Celga.

Materias sobre as que deberán versar os cursos e puntuación máxima en relación con cada unha delas:

- En materia de procedemento administrativo (máximo 0,80 puntos):

- Por cada curso de 10 horas e ata 30 horas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 31 horas e ata 50 horas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de 51 horas e ata 100 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de máis de 100 horas: 0,80 puntos.

- En materia de informática (máximo 0,30 puntos):

- Por cada curso de 10 horas e ata 30 horas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 31 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de máis de 100 horas: 0,30 puntos.

- En materia de tramitación de subvencións públicas (máximo 0,20 puntos):

- Por cada curso de 10 horas e ata 20 horas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de 21 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos.
- Por cada curso de máis de 50 horas: 0,20 puntos.

- En materia de coñecemento do idioma galego (máximo 0,20 puntos):

- Por estar en posesión do curso de Iniciación de lingua galega: 0,10 puntos.
- Por estar en posesión do curso de Perfeccionamento da lingua galega: 0,10 puntos.
- Por estar en posesión do Certificado de Lingua Galega (Celga) 3 ou superior: 0,20 puntos.

A acreditación destes méritos realizarase mediante orixinal ou fotocopia compulsada do título, diploma ou certificado suficiente expedido polas institucións ou organismos que organizaron os cursos.

O alcalde. Asdo.: José Luis Ferro Iglesias (asinado electronicamente na marxe).



ANEXO ÚNICO

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.
CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA E POR UN PERÍODO DE DEZ MESES,
DUN/DUNHA TRABALLADOR/A PARA A OCUPACIÓN DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO AO OBXECTO DE LEVAR
A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA OU SERVIZO “AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA A OFICINA DE
REHABILITACIÓN PEPRI”.

Concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a Oficina de Rehabilitación PEPRI”.

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

SOLICITA ser admitido ao concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal, a xornada completa e por un período de dez meses, dun/dunha traballador/a para a ocupación de auxiliar administrativo ao obxecto de levar a cabo a execución da obra ou servizo “Auxiliar administrativo para a OFICINA DE REHABILITACIÓN PEPRI”.

DECLARA (marcar as casillas correspondentes):

☐ Ser español.

☐ Ser nacional de (país membro da Unión Europea): _____

☐ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

☐ Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

☐ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

☐ Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

MÉRITOS ALEGADOS (marcar as casillas correspondentes):

☐ Servizos prestados.

☐ Cursos de formación e perfeccionamento:

☐ En materia de procedemento administrativo.

☐ En materia de informática.

☐ En materia de tramitación de subvencións públicas.

☐ En materia de coñecemento do idioma galego:

☐ Iniciación.

☐ Perfeccionamento.

☐ CELGA 4.

ACOMPAÑA:

- Copia autenticada do DNI.
- Copia do documento acreditativo de ter a titulación esixida na convocatoria.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

En _____, ____ de _____ de 2016.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA

Contra estas bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación deste anuncio, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optara por interpor un recurso de reposición potestativo, non poderá interporse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto é, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

O alcalde. Asdo.: José Luis Ferro Iglesias. (Asinado electronicamente na marxe).



Anuncio

Por acuerdo de la Xunta de Gobierno Local, en la sesión extraordinaria celebrada el día 9 de marzo de 2016, se aprobó la convocatoria del proceso selectivo y las bases generales y específicas reguladoras para la selección y posterior contratación laboral temporal, la jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo, al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, por el sistema de concurso de valoración de méritos.

Se adjuntan las bases generales y específicas reguladoras que regirán la convocatoria:

Bases generales y específicas para la selección y posterior contratación laboral temporal, a jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, por el sistema de concurso de valoración de méritos.

A) Bases generales

Primera.- Objeto de la convocatoria

1. Es objeto de la presente convocatoria la contratación laboral temporal, a jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo, al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, en el marco del “Acuerdo de la Comisión Bilateral celebrada el 27 de octubre de 2015 relativo al Área de Rehabilitación de Regeneración y Renovación Urbana del Entorno del Monasterio de San Salvador de Celanova y del Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense). Comunidad Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la Rehabilitación Edificatoria, y la Regeneración y Renovación Urbanas 2013-2016”, suscrito entre el Ministerio de Fomento, el Instituto Gallego de Vivienda y Suelo dependiente de la Consellería de Infraestructuras y Vivienda de la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de Celanova.

2.- La contratación laboral temporal, a jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo, al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, y una retribución de mil trescientos cincuenta y cuatro euros con noventa céntimos (1.354,90 €), incluyendo la parte proporcional de las pagas extraordinarias y demás complementos salariales, se sujetarán a lo previsto en el artículo 15 del Estatuto de los Trabajadores y demás disposiciones de aplicación.

3.- El artículo 20.2 de la Ley 48/2015, de 29 de octubre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2016, establece que: “Dos. Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales.”

Se justifica la presente convocatoria, a los efectos previstos en el precitado artículo 20.2 de la Ley 48/2015, de 29 de octubre, de Presupuestos Generales del Estado para año 2016, de la manera siguiente:

a) Carácter excepcional de la contratación:

La contratación laboral temporal, a jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la

Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, tiene carácter excepcional porque esta se produce como consecuencia de la firma del Acuerdo de la Comisión Bilateral celebrada el 27 de octubre de 2015, relativo al Área de Regeneración y Renovación Urbana del Entorno del Monasterio de San Salvador de Celanova y del Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova (Ourense), suscrito entre el Ministerio de Fomento, el Instituto Gallego de Vivienda y Suelo dependiente de la Consellería de Infraestructuras y Vivienda de la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de Celanova, requiriendo la contratación del personal laboral temporal de referencia para el correcto funcionamiento del servicio en orden al asesoramiento y tramitación de las subvenciones previstas para al ámbito del Área de Regeneración y Renovación Urbana del Entorno del Monasterio de San Salvador de Celanova y del Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, en el marco del Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la Rehabilitación Edificatoria, y la Regeneración y Renovación Urbanas, 2013-2016.

b) Necesidad urgente e inaplazable:

La contratación laboral temporal, a jornada completa y por un período de diez meses, de un/de una trabajador/a para la ocupación de auxiliar administrativo al objeto de llevar a cabo la ejecución de la obra o servicio “Auxiliar administrativo para la Oficina de Rehabilitación PEPRIs”, constituye una necesidad urgente e inaplazable, ya que en la plantilla de la Corporación no existe personal laboral fijo o funcionario suficiente para llevar a cabo las funciones propias del puesto de trabajo a cubrir y sólo acudiendo a la contratación laboral temporal puede la administración solventar la necesidad surgida.

Asimismo, la inminente convocatoria por parte del ayuntamiento de las subvenciones previstas para al ámbito del Área de Regeneración y Renovación Urbana del Entorno del Monasterio de San Salvador de Celanova y del Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, en el marco del Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la rehabilitación edificatoria, y la regeneración y renovación urbanas, 2013-2016, hace necesaria y urgente la contratación del personal laboral temporal de referencia para la tramitación de los expedientes de los administrados de actuaciones de rehabilitación para las que se soliciten.

c) Sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales:

El Ayuntamiento de Celanova, en virtud de Acuerdo del Consejo de la Xunta de Galicia de 3 de febrero de 2000, cuya publicación se ordena por la Resolución de la Consellería de Cultura, Comunicación Social y Turismo de 7 de febrero de 2000 (DOG n.º 40 de fecha 28 de febrero de 2000), fue declarado municipio turístico gallego de acuerdo con el dispuesto en el artículo 8 de Decreto 239/1998, de 30 de julio, por el que se regula la declaración de municipio turístico gallego.

Ante la necesidad de recuperar-conservar el valor patrimonial de los edificios localizados en el ámbito del Área de Regeneración y Renovación Urbana del Entorno del Monasterio de San Salvador de Celanova y del Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes en Celanova, la rehabilitación de los mismos se convierte en una actuación prioritaria en el marco del Real Decreto 233/2013, de 5 de abril, por el que se regula el Plan Estatal de Fomento del Alquiler de Viviendas, la

Rehabilitación Edificatoria, y la Regeneración y Renovación Urbanas 2013-2016.

Segunda.- Condiciones de los aspirantes

1.- Para ser admitidos al concurso de valoración de méritos los aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos, además